

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de outubro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación inicial do expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a execución do novo centro de saúde e outros equipamentos públicos no barrio do sagrado corazón.

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada 2. contratación do servizo educativo e de cociña-comedor e limpeza nas escolas infantís municipais Luis Soto Menor (lote 1) e maría wonenburger (lote 2) e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025/C003/000023.

Tamén se acorda a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de calendarios de sobremesa do arquivo municipal. Exp. ref. 2025/C004/00032 e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2025/C004/000032.

Así mesmo, acórdase a incoación de expediente de penalidade por incumprimento na execución do contrato da prestación de servizos de xestión, atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais casas das linguas, sitas en estrada da granxa e no centro de convivencia María Balteira. Expte ref. 2024-C003-000005.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac4624043394207853541.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-10-2025

procedemento aberto simplificado na contratación da instalación e desinstalación de casetas, dinamización e decoración do mercado de Nadal “Nadalmente Lucense” e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C004-000031.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Fundación “La Caixa” para la instalación de “Symphony. un viaje al corazón de la música clásica” en dúas unidades desplegables ubicadas na praza Horta do Seminario desta cidade.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude de bonificación do 90% da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente á solicitude de licenza urbanística para remodelación de ascensor existente en edificación de planta soto, baixa, entresollado, sete plantas altas e baixocuberta con baixada a nivel 0 (portal) xunto coa ampliación dunha parada na planta baixocuberta, no edificio sito na ronda do Carme, números 80-82.

Tamén se acorda a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local número 5/367 de data 17 de setembro de 2025.

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación do Plan Específico de recursos humanos da Banda de Música do Excmo. Concello de Lugo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.